Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

2. Avaliación e cualificación.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	**Estándar de aprendizaxe**
B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos.	LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais). LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos.
B1.2. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos ámbitos social e educativo.	LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.
B1.3. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.	LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.
B1.5. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.	LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal. LGB1.5.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas.
B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, *n* velar e fonema fricativo palatal xordo). LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego

	LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.
B1.7. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas.	LGB1.7.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.
B1.8. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión.	LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas.
B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo.	LGB1.9.2. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.
B1.10. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa.	LGB1.10.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa. LGB1.10.4. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.
B2.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión.	LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións.
B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios e manifestar posturas de acordo ou desacordo e respecto ás mensaxes expresadas.	LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.
B2.7. Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función.	LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe.
B2.8. Usar procedementos de planificación e revisión para conseguir a adecuación, coherencia, cohesión e corrección dos contidos nas relacións internas e externas do texto.	LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a deíxe, as referencias internas de tipo léxico e os conectores).

B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.	LGB2.9.1. Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros.
B2.12. Producir e sintetizar, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narracións e descricións.	LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos.
B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula.	LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa.
B3.4. Coñecer, usar e valorar as normas que regulan os textos orais e escritos.	LGB3.4.1. Completa, transforma e valora textos orais ou escritos de maneira adecuada e correcta atendendo ás normas.
B3.5. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
B3.6. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual.	LGB3.6.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.
B3.7. Recoñecer a estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais.	LGB3.7.2. Exprésase, con estilo propio, utilizando os recursos da lingua con flexibilidade e creatividade.
B3.8. Recoñecer e usar os nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	LGB3.8.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan cohesión a un texto.
B3.10. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe.	LG3.10.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa mellora.
B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran.	LGB4.1.3. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural.
B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno.	LGB4.2.1. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas.

B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras no ámbito educativo, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.	LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.
B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.
B5.1. Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expor unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relacionar o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos e valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.	LGLB5.1.1. Le con regularidade obras literarias e desenvolve criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade e relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos LGLB5.1.2. Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios.
B5.5. Comparar textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.	LGLB5.5.1. Compara textos pertencentes aos diferentes xéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais. LGLB5.5.2. Compara textos pertencentes ao mesmo xénero pero a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
.B5.6. Analizar textos literarios, de maneira guiada, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.	LGB.5.6.1. Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.
B5.7. Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula	LGLB5.7.1. Escribe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	**Procedementos**: Os procedementos seguidos nas dúas primeiras avaliacións correspóndense co acordado orixinariamente na programación: proba escrita+expo. oral+ levtura obrigatoria +traballo diario. Nesta 3º avaliación valoraranse positivamente as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para o alumnado que non adquirir as competencias imprescindibles enriba sinaladas, proporanse actividades que o axuden a superar a materia, e, en último caso,unha proba presencial (de a situación sanitaria o permitir) ou, de non ser así a realización da proba será telemática, asegurándose en todo momento que se garanta unha boa praxe e obxectividade. As tarefas de recuperación flexibilaizaranse no posible, valorando as súas casuísticas concretas, que lle permitan manterse incorporado á aprendizaxe e suscitando o seu interese por esta. Xaora, tratarase con especial coidado ao alumnado desconectado ou con problemas para o facer por diferentes motivos, e, dependendo dos casos, elaboraranse plans específicos de recuperación que consignaremos a seguir.
	Instrumentos: Empréganse os instumentos avaliados na 1ª e 2ª avaliacións: 60% proba escrita, 20% lectura obrigatoria, 5% exp. Oral e15% traballo diario xunto co traballo realizado neste periodo de confinamento (só favorecerá ao alumnado e nunca o prexudicará, tendo a posibilidade de aumentar a totalidade da nota nun 10%) Para calcular este 10% emprégarase a seguinte rúbrica: -Entrega todas tarefas no prazo indicado e cunha elaboración correcta +10% -Non entrega todas as tarefas ou están incompletas e con erros. +0,5% -Non entrega as tarefas e as que entrega están realizadas de xeito que non cumpren os mínimos esixidos +0%. Como se dixo, privilixiarase a recuperación por actividades e tarefas cun carácter continuo e progresivo. Terase en conta, ademais dos criterios e estándares mínimos mencionados, a conexión regular, a colaboración do alumno/a cun comportamento correcto e responsable, unha actitude positiva cara á materia, unha resposta activa ante actividades e tarefas encomendadas, o respecto polos compoñeiros/as e o profesor ou a evolución experimentada. Se o alumno/a non consegue acadar os mínimos esixidos para o seu ciclo, farase de xeito presencial unha proba escrita. Se a situación sanitaria non o permite, convocarase ao alumno/a cunha semana de antelación, citándoo para un día a unha determinada hora, na que se lle facilitará unha práctica/proba escrita que terá que facer e enviar nun tempo limitado. Se for posíbel manterase o contacto visual por unha videoconferencia. Alén desta proba escrita terán que realizar unha breve exposición oral.

Cualificación final	**Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:** A nota final da avaliación ordinaria en xuño obterase como a media aritmética total das dúas avaliacións , ás que se lle pode sumar ata dous puntos tendo en conta o traballo realizado no confinamento. 1ª ava. 50% +2ª ava. 50% (+ 20% tarefas). Para a superación da materia será preciso acadar un mínimo de 5 puntos sobre a cualificación global. No caso do alumnado do que non se dispoña de información obxectiva para unha avaliación positiva ou con avaliación negativa, poderá ser convocado a unha proba telemática, se a situación sanitaria non permite a realización de probas presenciais .Esta proba combinarase cunha breve exposición oral sobre o libro lido no confinamento. Proba 80% +Expo. Oral 20%.
Proba extraordinaria de setembro	Proba presencial dos contidos traballados nas dúas primeiras avaliacións e parte da terceira en 2ª ESO (ata o 12 de marzo). Incidimos en que todo isto se condiciona polo que dispoñan as autoridades sanitarias,e, caso de non ser posible a proba presencial en setembro, estudaranse as posibilidades óptimas para a elaboración da proba tal e como se reflicte para o caso da avalición ordinaria vista anteriormente.
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Unha vez decretado o estado de alarma, a prioridade foi manter activo o alumnado a través de propostas o máis lúdicas, cooperativas e interdisciplinares posibles., promovéndose sempre desde o centro a coordinación docente e o traballo colaborativo. Desde o comezo, ademais, apostouse polo desenvolvemento de actividades de recuperación e reforzo da materia para lle ofrecer ao alumnado a opción de recuperar as avaliacións suspensas ou mellorar as súas prestacións. Formulóuselles a posibilidade de redactaren un diario de lectura e confinamento co obxectivo de aunar a experiencia persoal neste trance coa oportunidade que os libros ofrecen para viaxar e contemplar outros mundos. Transversalmente traballouse con isto a capacidade de produción e comprensión textual, así como apartados gramaticais e morfolóxicos cun feed-back continuo. Creáronse concursos e tarefas colaborativas no repaso do léxico estudado, tentando ser sempre o máis suxestivas posibles e que lles axudasen no coñecemento da súa contorna. Realizáronse, obviamente, fichas e tarefas de reforzo dos contidos que tivemos tempo a ver, para comprobar a evolución de cada alumno/a e co fin de que non perdesen o ritmo establecido. En todos os casos tratouse de maneira individualizada a cada alumno/a, atendendo á diversidade e ás problemáticas anteditas, empregando a metodoloxía que se expón a continuación.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	O primeiro, e máis dificultoso, foi establecer contacto directo con cada alumno/a (cousa que non sempre se conseguiu de vez). En 2º de ESO, como se sabe, utilizamos a plataforma de Edixgal á que nun principio non todo o alumnado foi quen de acceder con normalidade. A caótica situación coadxuvou sen dúbida nesta situación. En vista disto, tentouse establecer unha comunicación directa con eles/as, preferentemente mediante o seu correo electrónico. Deste xeito podían ser notificados das tarefas no Edixgal ou directamente desde os documentos enviados para as faceren con normalidade e desenvolvermos unha retroalimentación óptima. Aínda así, foi complexo encontrar a maneira de contactar con alumnos/as por diferentes motivos. En todo caso, o centro puxo especial atención para arranxar os casos do alumnado sen conectividade, e a coordinación cos titores de ambos os cursos foi constante e proveitosa. É certo, con todo, que algún alumno/a, en principio podendo facelo, non se conecta nin envía traballos, asunto que se trata coa titoría e cos pais con resultados variables a través do Abalar.
Materiais e recursos	Tanto antes coma despois da cuarentena combinamos o Edixgal con materias e recursos propios. Empregáronse aquelas actividades interesantes da plataforma con unidades didácticas propias. Fomentouse o uso das TICs e do computador persoal do alumno para realizar traballos grupais, asi como vídeos ou audios da Rede relacionados cos contidos impartidos. Empregáronse recursos fotocopiables da Proposta didáctica, con actividades

	de reforzo e ampliación e lecturas complementarias para traballar a comprensión lectora, así como cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita de diversas editorias. Traballáronse aspectos de produción e reflexión textual, traballos sobre cine, tradición música galegas, concursos lúdicos, celebración de efemérides... No confinamento tentouse seguir esta metodoloxía, coas restricións obvias do contexto, empregando sobre todo material propio no reforzo e repaso de contidos e tentado sempre ofrecerlle ao alumnado a s mellores opcións de aprendizaxe e desenvolvemento posibles.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	**Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.** Sempre que for posible, as notificacións faranse aos pais/nais e ao propio alumnado co que se matén contacto constante. No caso dos alumnos/as que deban facer unha recuperación (en calquera das formas descritas), tanto eles como os pais/nais serán informados a través dos canles habituais nos que se interacciona (correo, Edixgal, Abalar, web do centro...). En casos excepcionais nos que, como se dixo, sexa imposible conectar cos alumnos/as, tentarase por todos os medios establecer contacto cos pais/nais ou titores legais para facerlles chegar cumprida información, ora sexa desde a titoría, ora persoalmente mediante os teléfonos e enderezos habilitados.
Publicidade	**Publicación obrigatoria na páxina web do centro.** A información básica da adaptación das programacións didácticas para a finalización do curso 2019-2020, será elaborada en base aos principios de claridade, transparencia e obxectividade que garantan o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa avaliado conforme a criterios obxectivos.A informacion estará dispoñible na páxina web do centro nunlugar accesible a disposición de toda a comunidade educativa e de garantir a súa publicidade, seguindo o procedemento establecido no centro. Así mesmo, o profesorado informará ao alumnado da súa área, materia, ámbito ou módulo.